

Agustín Miras Palacios, Adelaida Negreira Riveiro, María del Mar Lorenzo Moledo e Jesús Asorey Carril como vogais.

Sétimo.-A Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, unha vez revisados os seus estatutos, solicitou informe da Asesoría Xurídica, conforme o disposto no artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, que aquela emitiu favorablemente con data 12 de abril de 2006.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de acordo coa lei. O artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-Conforme o artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das fundacións de interese galego, e o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, é competencia deste departamento a declaración de interese galego e a inscrición no Rexistro de Fundacións da *Fundación Down Compostela*, dado o seu obxecto coincidente coas competencias desenvolvidas por aquela, asumindo as funcións que como protectorado lle corresponden á Xunta de Galicia.

Terceiro.-Ao abeiro do disposto no artigo 7.5º da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, á realización da finalidade fundacional débese destinar, polo menos, o oitenta por cento das rendas que obteña a fundación e dos outros ingresos que non formen parte da dotación da fundación.

Cuarto.-A Lei 11/1991, do 8 de novembro, dá nova redacción ao artigo 21.2º da Lei 7/1983, establecendo a obriga de, por unha banda, formular e presentar o orzamento de ingresos e gastos ao protectorado con anterioridade ao inicio do exercicio económico e, por outra banda, a de efectuar un inventario-balance, pechado na data do remate do exercicio, unha memoria das actividades realizadas durante o ano e da xestión económica do patrimonio, así como a liquidación do orzamento de ingresos e gastos do ano anterior, que deberán presentarse ao protectorado no prazo de seis meses desde a data de peche do exercicio.

Este conxunto de obrigas débense entender asumidas pola fundación, aínda que non se recollan expresamente nos seus estatutos.

Quinto.-Á vista do exposto, pódense entender substancialmente cumpridos os requisitos legais e regulamentarios para a declaración de interese galego e a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, sección da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Así, en virtude do artigo 34 da Constitución española de 1978, o artigo 27.26 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que

se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como a demais normativa de desenvolvemento e de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Primeiro.-Recoñecer a declaración de interese galego á *Fundación Down Compostela*.

Segundo.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Terceiro.-Aprobar os seus estatutos e a composición do seu órgano de goberno.

Cuarto.-A dita fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral de aplicación citada, en especial á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada a dar contas anualmente ao protectorado e a xustificar a través dunha memoria anual o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentar o proxecto de orzamento con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o cal se formula, debendo solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado cando sexan necesarias.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2006.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 11 de abril de 2006 pola que se modifica a do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecementos ao labor docente e ao labor investigador.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece nos seus artigos 55 e 69

que as comunidades autónomas poderán establecer retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

En desenvolvemento do anterior publicouse a Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, que establece a capacidade do Consello Social para acordar, dentro dos límites fixados pola comunidade autónoma, a asignación singular e individualizada de retribucións adicionais ligadas a méritos docentes, investigadores e de xestión, e o Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, que establece estas retribucións adicionais para o profesorado contratado das universidades.

Posteriormente publicouse o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, decreto que se desenvolve a través da Orde do 16 de abril de 2004 (DOG do 28 de abril), pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecementos ao labor docente e ao labor investigador.

A experiencia acumulada pola ACSUG neste tempo fai necesaria a modificación do procedemento establecido na mencionada orde, sen varialo substancialmente para que resulte máis claro e garante tanto para os interesados como para as administracións participantes neste procedemento.

O 10 de abril de 2006 a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia dá traslado dos acordos do Consello de Dirección e da CGIACA relativos á proposta de modificación da normativa referente aos complementos retributivos contida na mencionada Orde do 16 de abril de 2004.

A modificación proposta parte da regulación de dous procedementos, ligados entre si, pero claramente diferentes. Por un lado, o procedemento de valoración previa pola ACSUG, exixido no artigo 8 do Decreto 55/2004, e por outro a asignación dos referidos complementos polos consellos sociais das universidades, por proposta dos respectivos consellos de goberno.

Deste xeito diferéncianse os actos administrativos que emite cada Administración e, polo tanto, a competencia material de cada unha delas no procedemento de asignación das retribucións adicionais. Por outra parte, os actos do Consello de Dirección da Axencia poñen fin á vía administrativa e, polo tanto, son susceptibles de recurso, ben en reposición ben perante a xurisdición contencioso-administrativa, polo que, en coherencia co exposto, se lle debe ofrecer expresamente ao interesado esta posibilidade antes de pasar ao seguinte trámite ante as universidades. Do mesmo xeito, o acto que emita a universidade no cal, unha vez obtida a valoración previa

da axencia, polo que asigne ou non as correspondentes retribucións adicionais, será tamén susceptible de recurso polo interesado.

Por último, a consellería establece o réxime de convocatorias que deberá lanzar a ACSUG e fíxanse os efectos económicos do pagamento no caso de que as universidades asignen os referidos complementos.

En virtude do anterior, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.-Modificación dos artigos catro e cinco da Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador, que quedan redactados da seguinte forma:

Artigo 4º.-Procedemento de valoración previa pola ACSUG.

1. Os interesados poderán solicitar á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) a valoración previa a que fai referencia o artigo 8.2º do Decreto 55/2004, do 22 de marzo, necesaria para o recoñecemento dos complementos ao labor docente e ao labor investigador.

As solicitudes dirixiranse ao presidente do Consello de Dirección da ACSUG e poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A través das respectivas convocatorias estableceranse os modelos normalizados de solicitude, así como a documentación xustificativa que deberá acompañar esta, modo de presentación, número de copias e demais cuestións desta índole.

2. Unha vez estea a documentación en posesión da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, seralle remitida á Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación que, após estudo, análise, verificación e certificación dos méritos en que se sustenta a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 2º e 3º desta orde, emitirá as correspondentes propostas de valoración. As propostas da Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación deberán estar motivadas e serán vinculantes para o Consello de Dirección da Axencia.

3. O Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia emitirá os respectivos acordos nos cales se conteñan as valoracións positivas ou negativas dos méritos en que se sustentan as solicitudes, para o que fará súas as propostas motivadas e vinculantes elaboradas pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación.

Estes acordos, que serán notificados pola ACSUG a cada solicitante, persoal e directamente, poñen fin á vía administrativa polo que, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC), poderán ser obxecto de recurso en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

4. A través do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e no seu nome, o presidente, poderanse realizar ata dúas convocatorias anuais ordinarias de valoración previa á asignación dos complementos retributivos, sen prexuízo das convocatorias extraordinarias que se fagan, por causas excepcionais e debidamente motivadas, respectándose os requisitos formais e de tramitación previstos para as convocatorias ordinarias.

En cada convocatoria de valoración previa establecerase a data concreta na cal os solicitantes deberán ter cumprido o requisito establecido no artigo 6, puntos 1.3 e 2.3 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo.

Artigo 5º.-Asignación dos complementos polas universidades.

Os acordos de avaliación adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, cando resulten positivos, serán notificados directamente pola ACSUG ás correspondentes universidades. Os consellos sociais das universidades, por proposta do seus respectivos consellos de goberno, acordarán a asignación singular e individual dos referidos complementos, nos casos que proceda, dentro das modalidades e coas limitacións previstas no Decreto 55/2004, do 4 de marzo, que poderán ser impugnados polos interesados.

Cando, de conformidade co disposto no parágrafo anterior, se proceda á asignación dos referidos complementos, o pagamento das correspondentes retribucións farase con efectos do día seguinte ao da data que se estableza en cada convocatoria de valoración previa, á cal se fai referencia no punto 4, parágrafo segundo, do artigo 4º desta orde.

Disposición derogatoria

Quedan derogados os anexos I e II da Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 24 de abril de 2006 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, e programas de garantía social cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece a competencia plena para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), establece no seu artigo 34.2º que o currículo das ensinanzas de formación profesional específica incluíra unha formación práctica obrigatoria nos centros de traballo e indica que as administracións educativas arbitrarán os medios para que as empresas e institucións se incorporen ao desenvolvemento destas ensinanzas.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no seu artigo 9 que a formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro), de calidade da educación, non modifica a vixente ordenación xeral da formación profesional e confirma o carácter obrigatorio da formación práctica incluída no currículo das ensinanzas de formación profesional.

O Real decreto 362/2004, do 5 de marzo (BOE do 26 de marzo), no seu artigo 6, desenvolve as finalidades do módulo de formación práctica en centros de traballo.

O Decreto 239/1995, do 28 de xullo (DOG do 16 de agosto), establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional específica, así como as directrices sobre os seus títulos.

O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG do 5 de novembro), que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e a actividade económico-financieira do orzamento destinado a prácticas en alternancia e á formación en centros de traballo.

A Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo; corrección de erros no DOG do 23 de xullo), pola que se regula o desenvolvemento, en réxime